

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*RESOLUCIÓN do 8 de xaneiro de 2013, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convocan as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para maiores de dezaioito anos nas convocatorias de maio e setembro, e se ditan instrucións para a súa realización.*

A Orde do 19 de febreiro de 2009, DOG do 4 de marzo, pola que se regulan as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para persoas maiores de dezaioito anos, foi modificada parcialmente pola Orde do 10 de febreiro de 2012 e prevé no seu artigo 5.1 que a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa convocará as citadas probas nunha ou máis convocatorias de forma ordinaria e, no número 2, que establecerá as datas de matrícula e realización, así como os centros en que se van realizar.

En consecuencia, e ao abeiro da autorización que figura na disposición derradeira primeira da orde de referencia,

#### RESOLVO:

Convocar as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria no ano 2013, conforme se dispón nas epígrafes seguintes:

Primeira. *Condicións das persoas aspirantes*

Poderán participar nestas probas as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

1. Ter cumpridos os dezaioito anos o día anterior á data de realización da proba.
2. Non estaren en posesión do título de graduado en educación secundaria ou de calquera outro declarado equivalente para efectos académicos.
3. Non estaren inscritas para a superación das materias de 4º curso de educación secundaria obrigatoria establecidas no artigo 7, punto 5º da Orde do 21 de decembro de 2007 (DOG do 7 de xaneiro de 2008).



4. Non estaren matriculadas de forma oficial nas ensinanzas de educación secundaria ordinaria, na educación secundaria para persoas adultas ou no segundo curso dun programa de cualificación profesional inicial.

O alumnado da educación secundaria para persoas adultas durante o curso 2012/2013 poderá participar nas probas se presenta a renuncia ao dereito a ser avaliado pola matrícula oficial ante a dirección do centro en que estea matriculado. A renuncia realizarase con anterioridade á presentación da solicitude de inscrición nas probas libres e xuntarase á folla de inscrición unha copia da devandita renuncia.

O incumprimento dalgún destes requisitos suporá a anulación da inscrición na convocatoria das probas e dos posibles resultados académicos obtidos nelas.

*Segunda. Datos, documentación e centros para a inscrición*

1. Os prazos de matrícula serán:

- Convocatoria de maio: 2 ao 15 de abril, ambos os dous incluídos.
- Convocatoria de setembro: 1 ao 8 de xullo, ambos os dous incluídos.

As persoas matriculadas para a primeira convocatoria, se non superan a totalidade dos ámbitos da proba, consideraranse matriculadas para a segunda convocatoria sen que teñan que presentar nova documentación.

2. A solicitude de inscrición axustarase ao modelo que figura no anexo I desta resolución e presentarase na secretaría dun único centro dos mencionados no punto seguinte. Xunto con ela, achegarase a seguinte documentación:

Fotocopia do DNI ou pasaporte, ou doutro documento equivalente cando non se autorice a súa consulta telemática ao servizo horizontal de acceso ao Sistema de verificación de datos de identidade, de acordo co establecido no artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

Solicitude, se procede, de exención de lingua galega. Nese caso, o/a aspirante achegará o anexo II.



□ As persoas que soliciten o recoñecemento de necesidades especiais deberán entregar o anexo IV. Xuntarán a autorización para a consulta do ditame de discapacidade no caso de que esta fose recoñecida polo órgano competente da Xunta de Galicia. Cando o ditame fose emitido por outra Administración, xuntarase unha certificación do ditame da discapacidade.

□ Copia compulsada, se procede, do certificado dos ámbitos da proba superados en anteriores convocatorias ou a certificación académica de ámbitos ou materias superados, de acordo coas especificacións establecidas nos números 3, 4 e 5 da epígrafe novena desta resolución.

3. As persoas aspirantes formalizarán a súa inscrición nun dos seguintes centros que constituirán tribunais para a avaliación das probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria:

a) A Coruña:

– Alumnado co primeiro apelido entre a letra A e a letra L: Centro EPA Eduardo Pondal, rúa Pepín Rivero, 3.

– Alumnado co primeiro apelido entre a letra M e a letra Z: IES Rafael Dieste, prol. Manuel Murguía/esq. Rda. Outeiro.

b) Ferrol:

– Centro EPA de Santa María de Caranza, rúa Luis de Requeséns, s/n.

c) Santiago de Compostela:

– Alumnado co primeiro apelido entre a letra A e a letra L: IES San Clemente, rúa San Clemente, s/n.

– Alumnado co primeiro apelido entre a letra M e a letra Z: IES Rosalía de Castro, rúa San Clemente, 3.

d) Lugo:

– Centro EPA de Albeiros, parque da Milagrosa, s/n.



e) Ourense:

– Centro EPA de Ourense, rúa Álvarez de Sotomayor, 4.

f) Pontevedra:

– Alumnado co primeiro apelido entre a letra A e a letra L: Centro EPA Río Lérez, avenida de Buenos Aires, s/n.

– Alumnado co primeiro apelido entre a letra M e a letra Z: IES Sánchez Cantón, avenida Raíña Victoria.

g) Vigo:

– Alumnado co primeiro apelido entre a letra A e a letra F: Centro EPA Berbés, rúa Marqués de Valterra, 8-1º.

– Alumnado co primeiro apelido entre a letra G e a letra O: IES Politécnico, rúa de Torcedeira, 88.

– Alumnado co primeiro apelido entre a letra P e a letra Z: IES Santa Irene, praza de América, 7.

4. Cando nos centros autorizados o número de persoas matriculadas exceda o aforo das aulas dispoñibles para realizar a proba, a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que corresponda establecerá, na mesma localidade, o centro ou centros nos cales os matriculados realizarán a proba.

5. No suposto anterior, o centro en que se formalice a matrícula elaborará listaxes definitivas de admitidos diferenciadas para cada centro en que deben presentarse para realizar as probas. As listaxes organizaranse seguindo criterios de orde alfabética, por grupos de letras.

Terceira. *Persoas con necesidades educativas especiais*

1. As persoas con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de discapacidade que teñan a declaración legal de discapacidade poderán solicitar mediante o anexo IV desta resolución a adaptación da proba, así como recursos adicionais para a desenvolver.



2. A Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que poderá delegar no presidente ou na presidenta do tribunal, determinará se procede adoptar medidas ou facilitar recursos adicionais, e informará a persoa interesada e o tribunal correspondente da súa decisión.

Cuarta. *Exención de lingua galega*

1. Durante o período de inscrición, as persoas aspirantes poderán dirixir á dirección do centro a solicitude de exención de lingua galega para que non sexa obxecto de avaliación nesta convocatoria. Para iso utilizarase o modelo que figura no anexo II desta resolución, no que se expresará a razón pola que se solicita a exención prevista no artigo 18.1 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

2. As persoas solicitantes de exención acreditarán a procedencia doutra comunidade autónoma ou dun país estranxeiro. As persoas procedentes doutra comunidade presentarán, ademais, copia compulsada da documentación que acredite os últimos estudos realizados.

3. O director ou a directora do centro onde presente a solicitude, de conformidade co artigo 19 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, resolverá sobre a concesión ou a denegación da exención, fará pública tal circunstancia cando se publiquen as listas provisionais de admitidos e comunicarallo ao presidente ou á presidenta do tribunal que corresponda.

4. Contra a resolución da dirección do centro, cabe interpor recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, ante o xefe ou xefa territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Quinta. *Listas de admitidos e reclamacións*

1. No prazo dos quince días posteriores á conclusión do prazo de presentación de solicitudes, os centros publicarán a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, na cal se indicarán os motivos da exclusión. Tamén constarán as exencións da proba de lingua galega.

2. As persoas aspirantes disporán dun prazo de tres días hábiles para a reclamación, contados a partir do día seguinte ao da publicación da lista de admitidos. Transcorrido ese prazo, publicarase a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas.

3. O día hábil seguinte ao da publicación da lista definitiva de persoas admitidas, os directores ou directoras dos centros en que se realizou a matrícula deberán comuni-



car o número de aspirantes que solicitan a realización da proba ao correo electrónico [educadultos@edu.xunta.es](mailto:educadultos@edu.xunta.es), do Servizo de Xestión Económica e Educación de Persoas Adultas, pertencente á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Tamén deberán comunicalo por fax á respectiva xefatura territorial.

*Sexta. Realización das probas*

1. As probas realízanse en sesións de mañá e tarde os días 31 de maio e 12 de setembro para as respectivas convocatorias.

2. Entre as 8.30 e as 9.00 horas iniciárase o chamamento para o acceso aos espazos de realización da proba.

3. A sesión da mañá terá dúas partes: na primeira, das 9.30 ás 12.30 horas, realízase a proba do ámbito científico-tecnolóxico, que inclúe exercicios das Materias de Matemáticas, Ciencias da Natureza e Tecnoloxía, así como aspectos relacionados coa saúde e o medio natural recollidos no currículo da Educación Física.

Na segunda parte, de 12.30 horas ás 14.00 horas, realízase a proba do ámbito social, que inclúe exercicios das materias de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Educación para a Cidadanía e aspectos perceptivos correspondentes ás materias de Educación Plástica e Visual, e Música.

Na sesión da tarde, das 16.00 ás 19.45 horas, realízanse as probas do ámbito da comunicación. Comprenderán os exercicios de:

a) Lingua Galega e Literatura.

a.1) Exercicio de redacción. O tribunal elixirá un tema de actualidade para llelo propor ás persoas aspirantes. Na valoración da redacción, terase en conta o xeito de estruturar os datos e os feitos, a coherencia da exposición, o vocabulario empregado, o dominio da ortografía e a presentación do escrito.

a.2) Cuestións de lingua galega e literatura.

b) Lingua Castelá e Literatura.

b.1) Exercicio de redacción. Realízase conforme o disposto no punto a.1) para a Lingua Galega e Literatura.



b.2) Cuestións de Lingua Castelá e Literatura.

c) Lingua estranxeira (Inglés ou Francés).

Sétima. *Normas de realización das probas*

1. Para a realización das probas, as persoas inscritas acreditarán a súa identidade presentando o DNI, pasaporte ou calquera outro documento recoñecido en dereito. Non se permitirá o acceso ás persoas que non estean correctamente identificadas.

2. Na proba do ámbito científico-tecnolóxico, o alumnado poderá utilizar as calculadoras científicas habituais non programables.

3. Non se permitirá o uso do teléfono móbil con calquera finalidade nin ningún outro dispositivo electrónico, agás o mencionado no punto anterior.

4. Os aspirantes, unha vez resolta cada proba, que será de resposta pechada, trasladarán as opcións elixidas a unha folia de respostas.

Oitava. *Tribunais*

1. Cada tribunal estará constituído por un inspector ou unha inspectora de educación, que actuará como presidente ou presidenta, e catro vogais pertencentes aos corpos de catedráticos ou de profesorado de ensino secundario, preferentemente que estean a impartir o nivel II da educación secundaria para persoas adultas, designados polo xefe ou xefa territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Na composición do tribunal garantirase que exista un vogal que imparta docencia no ámbito de comunicación, idioma estranxeiro, e outros dous que impartan docencia nos ámbitos científico-tecnolóxico e social.

2. Os membros do tribunal poderán percibir axudas de custo por asistencia e axudas para gastos de locomoción por concorreren ás sesións de avaliación consonte o Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

3. O tribunal facilitará aos aspirantes con ámbitos superados unha certificación coas cualificacións obtidas ou de proposta para a expedición do título, utilizando os anexos V e VI desta resolución, e cubrirá a ficha estatística, que se xunta como anexo VII, para enviála á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa antes do próximo 10 de xullo, para a convocatoria de maio, e antes do 30 de outubro, para a convocatoria de setembro.





4. Logo de rematado o proceso de avaliación, a presidencia do tribunal entregará na secretaría do centro as actas de avaliación e demais documentación relacionada coas probas para a súa tramitación e custodia. A partir dese momento, serán o director ou directora e o secretario ou secretaria do centro quen, á vista dos documentos custodiados, asinen todas as certificacións relacionadas coa realización das probas no ano 2013 e cos seus resultados.

Novena. *Avaliación, validación de ámbitos e puntuación das probas*

1. O profesorado que compoñe o tribunal realizará a avaliación das probas por ámbitos de coñecemento e en función da súa especialidade. Este profesorado, cando exista discrepancia na cualificación dalgún ámbito, actuará de maneira colexiada para establecer a cualificación definitiva das probas. Unha vez avaliados os tres ámbitos, cando unha persoa só fose avaliada negativamente nun deles, o tribunal poderá revisar novamente se se acadaron, en termos globais, os obxectivos establecidos para a etapa nese ámbito, e modificar a nota proposta en sentido positivo.

2. Entenderanse alcanzados os obxectivos cando, a xuízo do tribunal, a persoa aspirante amose un grao de desenvolvemento das competencias básicas que lle permita incorporarse ao mundo laboral, así como proseguir a aprendizaxe ao longo da vida.

3. As persoas para quen o tribunal determine que non procede a proposta de expedición do título de graduado en educación secundaria obrigatoria conservarán para sucesivas convocatorias as cualificacións positivas obtidas no ámbito ou nos ámbitos superados nos termos de suficiente (5), ben (6), notable (7-8) e sobresaliente (9-10).

4. De acordo coas especificacións establecidas no anexo III, as persoas aspirantes que acrediten ter superado algún ámbito nas probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria en convocatorias anteriores, algún módulo número catro dos ámbitos de educación secundaria de persoas adultas, algún módulo voluntario dos programas de cualificación profesional inicial ou algún ámbito dos programas de diversificación curricular de cuarto curso quedarán eximidas da realización da proba no ámbito ou ámbitos superados. A cualificación deses ámbitos consignarase nas actas de avaliación das probas nos termos de suficiente (5), ben (6), notable (7-8) e sobresaliente (9-10).

5. Quen acredite ter superadas algunhas materias do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria ou de segundo curso de bacharelato unificado polivalente (establecido na Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación), de acordo tamén coas especificacións do





anexo III, quedará eximido da realización das probas do ámbito ou ámbitos correspondentes. Neste caso, as cualificacións consignaranse co resultado da media aritmética desas materias, redondeada á unidade máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior.

6. A cualificación de cada ámbito outorgárase consonte a seguinte escala:

a) Ámbito científico-tecnolóxico. Matemáticas, Ciencias da Natureza e Tecnoloxía.	Puntuación máxima: 55 puntos.
b) Ámbito social. Ciencias Sociais, Xeografía e Historia. Música, e Educación Plástica e Visual.	Puntuación máxima: 25 puntos.
c) Ámbito lingüístico. Lingua Galega e Literatura. Redacción. Cuestións de lingua galega e literatura Lingua Castelá e Literatura. Redacción. Cuestións de lingua castelá e literatura. Lingua estranxeira.	Puntuación máxima: 10 puntos. Puntuación máxima: 5 puntos.  Puntuación máxima: 10 puntos. Puntuación máxima: 5 puntos. Puntuación máxima: 10 puntos.  Total máxima puntuación: 40 puntos.

7. Cualificación dos ámbitos:

a) Científico-tecnolóxico.

Puntuación	Cualificación
49,5 a 55 puntos	Sobresaliente (10)
44 a 49,49 puntos	Sobresaliente (9)
38,5 a 43,99 puntos	Notable (8)
33 a 38,49 puntos	Notable (7)
27,5 a 32,99 puntos	Ben (6)
22 a 27,49 puntos	Suficiente (5)
Menos de 22:	
16,5 a 21,99 puntos	Insuficiente (4)
11 a 16,49 puntos	Insuficiente (3)
5,5 a 10,99 puntos	Insuficiente (2)
0 a 5,49 puntos	Insuficiente (1)

b) Lingüístico.

Puntuación	Cualificación
37 a 40 puntos	Sobresaliente (10)
34 a 36,99 puntos	Sobresaliente (9)
31 a 33,99 puntos	Notable (8)
28 a 30,99 puntos	Notable (7)
24 a 27,99 puntos	Ben (6)
20 a 23,99 puntos	Suficiente (5)
Menos de 20:	
15 a 19,99 puntos	Insuficiente (4)
10 a 14,99 puntos	Insuficiente (3)
5 a 9,99 puntos	Insuficiente (2)
0 a 4,99 puntos	Insuficiente (1)



## c) Social.

Puntuación	Cualificación
23 a 25 puntos	Sobresaliente (10)
21 a 22,99 puntos	Sobresaliente (9)
19 a 20,99 puntos	Notable (8)
17 a 18,99 puntos	Notable (7)
15 a 16,99 puntos	Ben (6)
12 a 14,99 puntos	Suficiente (5)
Menos de 12:	
9 a 11,99 puntos	Insuficiente (4)
6 a 8,99 puntos	Insuficiente (3)
3 a 5,99 puntos	Insuficiente (2)
0 a 2,99 puntos	Insuficiente (1)

8. No caso das persoas exentas da proba de Lingua Galega, a puntuación máxima que se outorgará ao ámbito lingüístico será esta:

Lingua Castelá e Literatura. Redacción. Cuestións de lingua castelá e literatura. Lingua estranxeira.	Puntuación máxima: 10 puntos Puntuación máxima: 5 puntos Puntuación máxima: 10 puntos Total máxima puntuación: 25 puntos
--	---

## Cualificación do ámbito lingüístico para o alumnado exento de galego:

Puntuación	Cualificación
23 a 25 puntos	Sobresaliente (10)
21 a 22,99 puntos	Sobresaliente (9)
19 a 20,99 puntos	Notable (8)
17 a 18,99 puntos	Notable (7)
15 a 16,99 puntos	Ben (6)
12 a 14,99 puntos	Suficiente (5)
Menos de 12:	
9 a 11,99 puntos	Insuficiente (4)
6 a 8,99 puntos	Insuficiente (3)
3 a 5,99 puntos	Insuficiente (2)
0 a 2,99 puntos	Insuficiente (1)

## 9. Cualificación global da proba.

a) Logo de avaliada a proba, no prazo de dez días, a presidencia do tribunal fará pública a listaxe provisional de aspirantes con cualificacións positivas, por ámbito, no taboleiro de anuncios do centro onde se realizou a proba.

b) Contra a cualificación provisional poderase presentar reclamación ante a presidencia do tribunal no prazo de cinco días hábiles tras a publicación da listaxe provisional.

c) Transcorrido o prazo de reclamacións, elevarase a definitiva a listaxe de cualificacións.



d) Contra a listaxe definitiva da proba, poderase interpor no prazo dun mes recurso de alzada ante o xefe ou xefa territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que esgotará a vía administrativa.

e) As persoas aspirantes que superen os tres ámbitos da proba serán propostas polo centro para a expedición do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, a través da aplicación de xestión administrativa de centros (XADE).

Disposición derradeira única

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2013

Manuel Corredoira López  
Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa





**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**ANEXO I**

PROCEDEMENTO <b>INSCRICIÓN NAS PROBAS PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA PARA PERSOAS MAIORES DE DEZAOITO ANOS-ANO 2013</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED540A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

Convocatoria ordinaria do mes de  MAIO  SETEMBRO

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  DNI/NIE/PASAPORTE   
 ENDEREZO  LOCALIDADE   
 CÓDIGO POSTAL  PROVINCIA  CONCELLO   
 TELÉFONO  FAX  CORREO ELECTRÓNICO   
 DATA DE NACEMENTO  SEXO  Home  Muller NACIONALIDADE  LOCALIDADE DE NACEMENTO

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN**

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NIF

**ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non necesario se coincide co anterior)**

ENDEREZO  LOCALIDADE   
 CÓDIGO POSTAL  PROVINCIA  CONCELLO   
 TELÉFONO  FAX  CORREO ELECTRÓNICO

**LINGUA ESTRANXEIRA ELIXIDA**

INGLÉS  FRANCÉS

**SOLICITUDE DE EXENCIÓN (DATOS ACADÉMICOS)**

Solicita a exención da parte/ámbito da proba: (marcar cun X o que proceda)

PARTE 1ª: ÁMBITO CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO  PARTE 2ª: ÁMBITO DE COMUNICACIÓN  PARTE 3ª: ÁMBITO SOCIAL

**OBSERVACIÓNS**

Presenta discapacidade que necesita adaptación para realizar as probas:  SI  NON

Especificar discapacidade e adaptación necesaria:

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA**

Copia do DNI ou pasaporte, ou doutro documento equivalente no caso de non autorizar a consulta telemática dos datos de identidade.  
 Se procede, certificación do ditame de discapacidade, cando este fose emitido por unha Administración distinta á Xunta de Galicia ou no caso de que non se autorice a consulta.  
 Copia compulsada, se procede, do certificado dos ámbitos da proba superados en anteriores convocatorias ou certificación académica de ámbitos ou materias superados.  
 Solicitud, se procede, de exención de lingua galega.  
 Outros:



**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Autorizo a Consellería, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade do solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

SI  NON (no caso de non dar esta autorización debe anexar copia compulsada do DNI)


En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Resolución do 8 de xaneiro de 2013, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convocan as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para maiores de dezaoiito anos nas convocatorias de maio e setembro, e se ditan instrucións para a súa realización.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de Dirección do centro de **XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



SOLICITUDE DE EXENCIÓN DA MATERIA DE LINGUA GALEGA NAS PRÓBAS LIBRES PARA A  
OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DNI/NIE/PASAPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO		LOCALIDADE	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

**EXPÓN:**

Que a situación do/a alumno/a é a que considera o Decreto 79/2010, do 20 de maio, no artigo 18.1, debido a que:

**Por todo isto SOLICITA:**

Que se lle conceda a exención da materia de lingua galega na proba para a obtención do título de graduado en educación secundaria para maiores de dezaioito anos na convocatoria do mes de  de 2013.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 

Dirección do centro de



## ANEXO III

1. Equivalencias entre ensinanzas ou probas superadas e as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Ámbitos da proba libre dos que quedará exento o/a aspirante	4º curso de educación secundaria obrigatoria. Aspirante que superou estas materias	4º módulo (nivel II) dos ámbitos da educación secundaria para persoas adultas ou módulos voluntarios de PCPI	4º módulo dos ámbitos da educación secundaria para persoas adultas, currículo LOXSE	2º curso de BUP (Lei 14/1970, do 4 de agosto). Aspirante que superou estas materias
Ámbito de comunicación	Lingua Galega e Literatura; Lingua Castelá e Literatura; primeira ou segunda lingua estranxeira.	Comunicación.	Comunicación.	Lingua castelá e Literatura; Lingua Galega e Literatura e lingua estranxeira.
Ámbito científico-tecnolóxico	Matemáticas; Tecnoloxía e Ciencias da Natureza (ou Bioloxía e Xeoloxía, máis Física e Química).	Científico-tecnolóxico.	Ámbito tecnolóxico-matemático. Ámbito da natureza.	Matemáticas, e Física e Química.
Ámbito social	Ciencias Sociais, Xeografía e Historia.	Social.	Da sociedade.	Xeografía Humana e Historia.

2. Equivalencias entre as ensinanzas dos programas de diversificación curricular e as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Ámbitos da proba libre dos cales pode quedar exento o/a aspirante	Ámbitos e materias dun programa de diversificación curricular dun ano ou de segundo curso dun programa de diversificación curricular de dous anos
Ámbito da comunicación e ámbito social.	Aspirantes que teñen superado o ámbito lingüístico-social e a materia de lingua estranxeira.
Ámbito social.	Aspirantes que teñen superado o ámbito lingüístico-social.
Ámbito científico-tecnolóxico.	Aspirantes que teñen superado o ámbito científico-técnico e a materia de tecnoloxías.







## SOLICITUDE DE RECOÑECEMENTO DE NECESIDADES ESPECIAIS

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DNI/NIE/PASAPORTE
ENDEREZO	LOCALIDADE		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
DATA DE NACEMENTO	NACIONALIDADE	LOCALIDADE DE NACEMENTO	

**EXPÓN:**

1. Que realizou a inscrición para participar nas probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, na convocatoria do mes de  no centro

2. Que ten unha discapacidade recoñecida legalmente por

Signale a opción que corresponda:

- Autorizo a consulta do ditame de discapacidade emitido polo órgano competente da Xunta de Galicia.
- Xunto copia da certificación do organismo acreditativo en que se describe a discapacidade, por non autorizar a consulta ou porque esta foi recoñecida por outra Administración.

**SOLICITA:**

Que se teña en conta esta circunstancia á hora de facer a proba, realizando as adaptacións de tempo ou facilitando os recursos técnicos que se indican:

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE**

Lugar e data

,  de  de

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de



## ANEXO V

Don /Doña.....  
Don/Dona

Como secretario/a del tribunal de las pruebas libres para la  
*Como secretario/a do tribunal das probas libres para a*  
obtención del título de graduado en educación secundaria obligatoria, celebrada en el  
*obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, celebrada no*  
centro ..... de .....  
*centro ..... de .....*  
el día ..... de ..... de 2013.  
*o día ..... de ..... de 2013.*

CERTIFICO QUE, de acuerdo con lo que figura en las actas de estas pruebas,  
*CERTIFICO QUE, consonte o que figura nas actas destas probas,*

Don/Doña.....  
Don/Dona

con DNI número..... ha obtenido las siguientes calificaciones\*:  
*con DNI número ..... obtivo as seguintes cualificacións\*:*

ÁMBITO DE LA COMUNICACIÓN \_\_\_\_\_  
*ÁMBITO DA COMUNICACIÓN*

ÁMBITO CIENTÍFICO-TECNOLÓGICO \_\_\_\_\_  
*ÁMBITO CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO*

ÁMBITO SOCIAL \_\_\_\_\_  
*ÁMBITO SOCIAL*

....., ..... de ..... de 2013

Vº Bº. El/la presidente/a  
*Visto e prace O/a presidente/a*

(Sello del centro)  
*(Selo do centro)*

El/la secretario/a  
*O/a secretario/a*

Fdo.: .....  
Asdo.:

Fdo.: .....  
Asdo.:

\* SB: sobresaliente; N: notable; B: bien; SF: suficiente ; I: insuficiente; NP: no presentado  
*SB: sobresaliente; N: notable; B: ben; SF: suficiente; I: insuficiente; NP: non presentado*



## ANEXO VI

Don/Doña.....

Don/Dona

Como secretario/a del tribunal de las pruebas libres para la obtención del título de,  
*Como secretario/a do tribunal das probas libres para a obtención do título de,*  
graduado en educación secundaria obligatoria, celebrada en el centro  
*graduado en educación secundaria obrigatoria, celebrada no centro*

.....  
el día ..... de ..... de 2013.

o día ..... de ..... de 2013.

CERTIFICO QUE, de acuerdo con lo que figura en las actas de estas pruebas,  
*CERTIFICO QUE, consonte o que figura nas actas destas probas,*

Don/Doña.....

Don/Dona

con DNI número..... ha sido propuesto/a para la obtención del título de  
*con DNI número foi proposto/a para a obtención do título de*

Graduado en educación secundaria obligatoria.  
*Graduado en educación secundaria obrigatoria.*

..... de ..... de 2013

Vº Bº. El/la presidente/a (Sello del centro)  
*Visto e prace O/a presidente/a (Selo do centro)*

El/la secretario/a  
*O/a secretario/a*

Fdo.: .....

Asdo.:

Fdo.: .....

Asdo.:



**ANEXO VII**  
**Probos libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria**  
**obrigatoria para maiores de dezoito anos**

FICHA DE ESTATÍSTICA. Centro: ..... Localidade ..... Provincia .....

Data de realización da proba: ..... de ..... de 2013.

Número total de aspirantes inscritos/as: .....

Número total de aspirantes presentados/as: .....

Número total de aspirantes propostos/as para título: .....

1. Número total de aspirantes presentados/as, segundo idade e sexo.

ANOS	ATA 19	20 A 25	26 A 30	31 A 35	36 A 44	45 A 54	55 A 64	MÁIS de 64
HOMES								
MULLERES								
TOTAL								

2. Persoas con necesidades educativas especiais, segundo idade e sexo.

ANOS	ATA 19	20 A 25	26 A 30	31 A 35	36 A 44	45 A 54	55 A 64	MÁIS 64
HOMES								
MULLERES								
TOTAL								

3. Número total de aspirantes presentados/as que se propoñen para a obtención do título de graduado en educación secundaria.

ANOS	ATA 19	20 A 25	26 A 30	31 A 35	36 A 44	45 A 54	55 A 64	MÁIS de 64
HOMES								
MULLERES								
TOTAL								

Asdo.: \_\_\_\_\_

